



Expediente núm.: 921/2024

Actividade: Selección de persoal e provisión de posto

Procedemento: Selección de persoal e provisión de postos

Asunto: Selección de persoal laboral temporal.- Subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social de Galicia (Risga) e se aproba a súa convocatoria para o ano 2024

Expediente relacionado: 139/2024

Obra/servizo subvencionado: Servizo de xardinería e medio ambiente

Categoría profesional: Peón forestal (V)

RESOLUCIÓN DE ALCALDIA

Antecedentes

Primeiro.- No Diario Oficial de Galicia (DOG) núm. 17 do 24.01.2024, publícase a Orde do 27 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social de Galicia (Risga) e se aproba a súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento TR351F).

Segundo.- O día 28.02.2024 é presentada correctamente no rexistro electrónico da Xunta de Galicia cos números 2024/670301 e 2024/673635, respectivamente, a solicitude de subvención para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da Risga.

Terceiro.- Con data 10.05.2024 ten entrada no rexistro xeral do Concello (núm. de rexistro 2024-E-RC-2333) a resolución da xefa do Servizo de Coordinación Administrativa e Xestión Económica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, mediante a que se lle outorga ó Concello unha subvención polo importe de 23.786,64 euros para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga). Co desagregado seguinte:

- Obra / servizo subvencionado: servizo de xardinería e medio ambiente
- Núm. de persoas traballadoras subvencionadas: 2
- Duración do contrato: 9 meses
- Xornada: 75%
- Modalidade contractual: contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego (código contrato: 405 tempo completo ou 505 tempo parcial)
- Custos total subvencionado: 23.786,64 euros

Cuarto.- O 16.05.2024 a Xunta de Goberno Local (XDGL/2024/8), celebrada en sesión ordinaria, acorda a "Aprobación das bases de selección de persoal laboral temporal.- Subvención RISGA ano 2024 (Peón forestal)".

Quinto.- O 22.05.2024 o Departamento de Persoal emite informe sobre o procedemento a seguir para levar a cabo a contratación de persoal laboral temporal para cubrir os postos de traballo na categoría profesional de "peón forestal", ao abeiro da subvención dirixida a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social de Galicia (Risga) e se aproba a súa convocatoria para o ano 2024 (DOG núm. 17 do mércores 24 de xaneiro de 2024) (Expte. Nº: TR351F 2024 / 25 – 03).

Sexto.- O 28.05.2024 presentouse a oferta de emprego na oficina do Servizo Público de Emprego de

LUIS MENOR PÉREZ (1 para 2)
Dpto. de Xestión
Data: 17/06/2024
HASH: 1c4daebb1f8c96d46747c9daae51c2e7e



JOSÉ ANTONIO CERDEIRA PÉREZ (2 para 2)
Dpto. de Xestión
Data: 17/06/2024
HASH: e628107c0907e6b63f2a9f9a221fb9f2





Ourense (A Ponte), de acordo cos criterios establecidos polo artigo 13.e) da Orde do 27 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social de Galicia (Risga) e se aproba a súa convocatoria para o ano 2024 (DOG núm. 17 do mércores 24 de xaneiro de 2024), co obxecto de cubrir os referidos postos de traballo.

Sétimo.- O 17.06.2024 o Tribunal Cualificador do proceso selectivo de persoal laboral temporal, na categoría profesional de “peón forestal”, ao abeiro da Subvención recibida para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social de Galicia (Risga) e se aproba a súa convocatoria para o ano 2024 (Expte. Nº: TR351F 2024 / 25 – 03), emite Acta definitiva co resultado da selección, do tenor literal seguinte:

“Finalizado o chamamento das persoas candidatas convocadas pola Oficina de Emprego de A Ponte – Ourense mediante a oferta de emprego 12-2024-5275 e sucesivas ampliacións, o Tribunal Cualificador toma, por unanimidade, os seguintes acordos:

1.- Declarar deserto o proceso de selección para a provisión de dúas (2) prazas de peón forestal (persoal laboral temporal), xa que as persoas candidatas non se presentaron ou rexeitaron voluntariamente a súa contratación.”

Oitavo.- O 07.06.2024 e o 17.06.2024 remítense á oficina do Servizo Público de Emprego de Ourense (A Ponte) os resultados da selección de dous/as (2) traballadores/as desempregados/as para a realización da obra ou servizo denominado/a: “servizo de xardinería e medio ambiente” na categoría profesional de “peón forestal”.

De conformidade co artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local; o artigo 136 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e a Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración Local

RESOLVO

Primeiro.- Declarar deserto o chamamento de aspirantes remitidos pola oficina do Servizo Público de Emprego de Ourense (A Ponte) (oferta de emprego núm. 12 – 2024 – 5275), relativo ó proceso selectivo de persoal laboral temporal, na categoría profesional de “peón forestal”, realizado ao abeiro da Subvención recibida para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social de Galicia (Risga) e se aproba a súa convocatoria para o ano 2024 (Expte. Nº: TR351F 2024 / 25 – 03).

Segundo.- Publicar a presente Resolución na sede electrónica deste Concello do Pereiro de Aguiar [<http://concellopereiro.sedelectronica.gal>] e na súa páxina web (www.concellopereiro.com).

Terceiro.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno do Concello e (no seu caso) á Xunta de Goberno Local, na primeira sesión que celebren.

Cuarto.- Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer, alternativamente, ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes para contar desde o día seguinte á recepción desta notificación, ante a Alcaldía deste Concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das





CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

Administracións Públicas - LPACAP-, ou recurso contencioso - administrativo, ante os Xulgados do Contencioso - Administrativo de Ourense no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso - Administrativa. Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso - administrativo ata que aquel sexa resolvido expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Así mesmo, poderá exercitar calquera outro recurso que considere pertinente.

Así o acorda o Sr. Alcalde, D. Luís Menor Pérez, no Pereiro de Aguiar; do que como Secretario – Interventor dou fe ó exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2 e) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

O Alcalde,
Luís Menor Pérez

O Secretario – Interventor,
José Antonio Cerdeira Pérez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

RESOLUCIONS DE ALCALDIA
Número: 2024-0495 Data: 17/06/2024

Cod. Validación: 5FCJNAD4Z5YSSSTZ5WZ6S26FCF
Corrección: <https://concellopereiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3

